

QUE ILUSIÓN COMEZAMOS A VIAXE...

A GRANXA KIRIKO!!!



**SEMENTAMOS
UNHA PLANTA COMESTIBLE
DE LENTELLAS:**

DECORAMOS A CASIÑA PARA A NOSA
SEMENTE E O NOME DA "RÚA" É O
NOSO NOME.



FIXEMOS OS DESAGUES PARA QUE
PODAN BEBER E FACER PIS.
UN COLCHONCIÑO DE TERRA,



AS SEMENTES DE LENTELLAS E POR
ENRIBA UNHA MANTIÑA DE TERRA.




DEMOSLLE A SÚA PRIMEIRA COMIDA
E A DEIXAMOS DESCANSAR ATA
CHEGAR A VIGO.

UNHA FIN DE SEMANA DESPOIS
COMEZARON A MEDRAR E
LEVAMOAS A CASA.



E UNHA SEMANA DESPOIS...
MIRADE QUE BONITAS MEDRAN
NAS CASAS DOS NENOS/AS!!!



TIPOS DE PLANTAS:



DURANTE O CAMIÑO AO INVERNADOIRO.



A MONITORA COLLEU UNHA PLANTIÑA CHAMADA EMBIGO DE VENUS.



SABES POR QUE? POIS PORQUE TEN UN BURACIÑO COMA O DO NOSO EMBIGO



E ADEMAIS É UNHA **PLANTIÑA MEDICINAL** PORQUE SERVE PARA EMPREGAR COMA UNHA TIRITA.

A **ALOE VERA** TAMÉN SERVE PARA CURAR E SUAVIZAR O PEL COMA SE FORA UNHA CREMA HIDRATANTE.



TAMÉN FALAMOS DE **PLANTAS COMESTIBLES** QUE COÑECEMOS MOITAS,



E OUTRAS QUE SERVEN PARA **PERFUMAR E AROMATIZAR** UNHA COMIDA OU UN LOCAL.



SON OLOROSAS O **OURÉGANO** E O **PEREXIL** QUE BOTAMOS NA PIZZA OU A PLANTIÑA DE **INCIENSO** QUE EMPREGAMOS NO BOTAFUMEIRO.



BOLACHAS DE MANTEIGA:



1-. 500GRS. DE FARIÑA NO BOL E UN POUQUIÑO NA MESA PARA QUE NON SE PEGUEN AS GALLETAS.




2-. DESPOIS 200 GRS. DE AZUCRE.






3-. 160 GRS. DE
MANTEIGA.



4-. 2 CULLEIRADAS DE
LEVADURA E 2 OVOS.

6-. REMESEMOS MOI BEN TODA A
MEZCLA.



5-. 2 PIZCAS DE SAL,
UNHA RAIADURA DE
LIMÓN E /OU CANELA.

AINDA QUE QUEDEN AS MANS
PEGAÑENTAS.





.7- FACEMOS UNHAS
BOLIÑAS DESTE TAMAÑO.

8-. DAMOSLLE FORMA E COLOCAMOS
DESTA MANEIRA NAS BANDEXAS.



9-. E UNHA VEZ REMATADAS... AO
FORNO: 180° UNS 10 OU
15 mint.





A XANTAR!!!



DESCANSAMOS UN POUQUIÑO NO PARQUE DESPOIS DE XANTAR..



PARA VER **AS AVES**
NON PODEMOS METER
OS DEDINOS NAS GAIOLAS



E POR DETRÁS!

AS FEMIAS NON TEÑEN
ESAS CORES TAN VIVAS
PARA CAMUFLARSE E
CUIDAR DA SÚA DESCENDENCIA
CON MENOS PERIGOS.



FÍXATE O **PAVO REAL**



POR DIANTE TEN UNHAS CORES
PRECIOSAS!! PARA CHAMAR A
ATENCIÓN DA FEMIA QUE LLE
INTERESA. OU PARA QUE NOS,
QUE LLE PARECEMOS UNHA SERPE
XIGANTESCA CHEA DE OLLOS, NON
NOS FIXEMOS QUE A SÚA PARELLA
ESTÁ DENTRO DA CASETA CUIDANDO
DOS OVOS.

OS PARRULOS
SON OS MÁIS PEQUENOS.



OS GANSOS CHINOS
TEÑEN O PETEIRO NEGRO E
O PESCOZO MÁIS LONGO.



AS OCAS TEÑEN DENTES DENTRO
DO PETEIRO, QUE É LARANXA.



MONCHO SEMPRE SE BURLA DE TUCHO
PORQUE SOAMENTE TEN UN OLLO E
NON SE PODE BURLAR.

AS ÁRBORES
DE KIRIKO:



PERO NÓS SIIII !!!



A SEFA DAMOSLLE UNHA APERTA
PARA QUE NOS COIDE MENTRAS
ESTAMOS COS ANIMAIS.



E CAMIÑAMOS MOI CALADIÑOS,
EN SILENCIO, PARA QUE PACO
NOS DEIXE TOCAR AOS ANIMAIS.




NO CONTO DA TOUPIÑA QUE NON SABÍA
QUEN LLE FIXO AQUILO ENRIBA DA CABEZA ...
XA **FALAMOS MOITO DE CACAS** PERO...
AO NATURAL SON OUTRA COUSA!!

COMO PASTEIS DE TRUFA
AS DE CABALOS E BURROS.



COMA CONGUITOS
AS DE CABRAS E OVELLAS!!



E COMA UNHA TARTA
AS DE VACAS.



AS OVELLAS E AS CABRITIÑAS:



COMEN ANAQUIÑOS
DE PAN VELLO!!



PERO A SÚA COMIDA PREFERIDA
SON AS FOLLAS DE CARBALLO.



SI AS ERGUES UN POUQUIÑO TEN
QUE SUBIRSE AO TEU CORPO PARA
CHEGAR A ELA!





OS BURROS:

LOLO E
XULIETA.





ESTE É INDIO,
O CABALO.





MIRADE COMO RIE AS GARGALLADAS!!

MULO E FILLO DUNHA EGUA E UN BURRO, POR ISO NON PODERÁ TER DESCENDENCIA.



ESTES SON NALA E MULO.



ESTAS SON AS VACAS, PINTA E MARELA.



SI TE FIXAS BEN, NON TEÑEN NIN UBRE,
NIN OS 4 TETOS QUE TEÑEN TODAS AS VACAS!!



SABES POR QUE?

PORQUE SON XOVENES E AINDA
NON ESTIVERON NUNCA PREÑADAS,
NON TIVERON NINGÚN TENREIRO.



ATA OUTRA!!!



APRENDEMOS MOITO NA GRANXA!!!

